



Descrición

Castro situado na ladeira oeste do Monte Arcelas en San Xurxo de Sacos. Recinto ovalado e orientado en sentido N-S cunha terraza setentrional. Posúe un sistema defensivo formado por un conxunto de estruturas de dous fosos separados por dous parapetos e restos dunha muralla que parece rodear o recinto.

O xacemento (recinto central e terraza inferior) aparece delimitado por unha habitual combinación de parapeto e foso, que conforman un desnivel exterior duns dous a tres metros. Non obstante, na zona do pequeno recinto superior, o desnivel combinado de ambos os dous elementos supera os 6 m. de altura.

Aos pés do parapeto que rodea o recinto superior, localízase unha gran rocha granítica bastante plana, ao nivel do terreo circundante, na cal hai gravado un importante conxunto de motivos diversos (GA36012076). Trátase de pequenas combinacións circulares e, sobre todo, cruzamentos, cruciformes e motivos esquemáticos de difícil lectura.

Adscripción cultural

Idade do Ferro

Tipoloxía

Castro

LOCALIZACIÓN

Parroquia

San Xurxo de Sacos

Lugar

Monte Arcelas

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 540472 Y: 4706407

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.508908 O

Latitude: 42.507046 N

